

MISIÓN COMERCIAL INVERSA XAPÓN

3-5 DE NOVIEMBRE 2025

O Clúster Alimentario de Galicia organiza unha misión comercial inversa centrada en Xapón, co obxectivo de fortalecer a presenza das empresas alimentarias galegas neste mercado estratéxico.

Co apoio do Instituto Galego de Promoción Económica, esta misión busca establecer contactos comerciais entre empresas galegas e importadores, abrindo novas oportunidades de negocio en Xapón. Esta misión representa unha oportunidade para as empresas galegas que desexan consolidar a súa presenza nun dos mercados con maior poder adquisitivo do mundo.

A misión estrutúrase en dúas modalidades:

- Modalidade A: inclúe a participación en reunións individuais con importadores.
- Modalidade B: ademais das reunións, inclúe visitas a fábricas ou adegas.

O MERCADO XAPONÉS

O mercado xaponés suma máis de **123 millóns de habitantes**, e é unha das economías máis avanzadas e estables do mundo. O Xapón destaca pola súa **alta capacidade adquisitiva**, un **consumidor esixente** e unha crecente demanda de produtos alimentarios de calidade, saudables e con orixe diferenciada. A súa apertura progresiva ao comercio internacional e os acordos de libre comercio asinados coa Unión Europea facilitan as relacións económicas e o acceso ao mercado.

No ámbito alimentario, **os produtos españois contan cunha boa acollida**, especialmente aqueles vinculados á dieta mediterránea, ao mar e á innovación gastronómica, o que converte o Xapón nun destino estratéxico e de grande interese para as empresas galegas..

PARTICIPACIÓN E SELECCIÓN

Os **importadores convidados** serán os que seleccionen, a partir das **fichas das empresas inscritas**, aquelas coas que desexen manter unha reunión, así como as fábricas ou adegas que desexen visitar. Ademais, os importadores resérvanse o **dereito de desestimar tanto a reunión coma a visita** ás instalacións de empresas cuxos produtos non respondan aos seus intereses.

Esta misión inversa contará coa **participación de tres importadores e distribuidores de alimentación e bebidas**.

A participación nestes encontros inclúe tanto a confección dunha **axenda personalizada**, coma a **difusión dos perfís das empresas** entre os importadores invitados. Isto último levarase a cabo facilitando un **directorio** das empresas participantes aos importadores.

Os **encontros** de ambas modalidades serán **organizados por Clusaga**. As **reunións** terán lugar en **Santiago de Compostela**.

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

Máis información

- **Data límite de inscrición:** 25 de Outubro de 2025
- **Custo:** Modalidade A (reunións con importadores): 50€ por reunión. Modalidade B (reunións e visitas a fábricas/adegas): 350€. **Recargo adicional:** aplica para empresas non asociadas a Clusaga.
- **Para máis información:** 881 023 853 / global@clusaga.org.

Proxecto cofinanciado pola Unión Europea



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



Co-financiado pola
Unión Europea



Fondos Europeos



clúster alimentario de galicia